

O monte importa

Ao igual que a lingua, os montes veciñais en man común son unha forma singular de xestionar a propiedade que forma parte da nosa identidade. De orixe xermánica, esta maneira de aproveitamento colectivo de bens, segue vixente aínda que a despoboación do rural lle restara actualidade

E.E.

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, parroquia do concello pontevedrés de Cangas, foi galardoada recentemente co 'Premio Alternalia' -outorgado na feira co mesmo nome adicada á ecoloxía, bioconstrución e enerxías alternativas en Moaña- polo seu proxecto *O arboreto da raposa* de sustentabilidade ambiental e de rexeneración do monte. "Temos que recuperar as especies arbóreas que tiñamos antes. Os

nosos montes tiñan algo máis que piñeiros e eucaliptos, queremos pensar no mañá, darlle máis vida aos nosos montes", explica a secretaria dos comuneiros de Darbo, Alba Dasairas.

A portavoz desta comunidade de montes comenta que *O arboreto da raposa* resume o traballo feito por este colectivo de 300 comuneiros nos últimos anos en favor da reforestación, recuperación e divulgación do monte e a súa importancia no pasado e futuro veci-



Alba Dasairas.

ñal. Dasairas está convencida do importante papel que os comuneiros teñen no desenvolvemento social e medioambiental da zona na que viven.

A Comunidade de Montes Veciñais de Darbo vén de publicar *As árbores do noso monte* e

Pasa o tempo coas árbores do noso monte. "Nestas publicacións, que distribuimos de balde nos colexios e entre os veciños, aparecen as imaxes das follas, froitos e flores das distintas árbores que viven nos nosos montes", destaca Dasairas, destas guías forestais da parroquia.

O ARBORETO. O proxecto *O arboreto da raposa* recuperou unha antiga zona forestal comunal convertida primeiro na canteira que abasteceu as obras dos diques portuarios de Cangas e posteriormente no vertedoiro municipal, nun área recreativa que ardeu no 2006. Dende esta data a comunidade traballou na recuperación da zona creando un xardín forestal no que se plantaron especies autóctonas que noutro tempo poboaaron os montes do Morrazo. ●

Dous modelos de xestión

Caracterizadas por ter un regulamento específico recollido na Lei de Dereito Civil de Galiza, nas comunidades de montes en man común, ao igual que nas comunidades de augas, muíños de herdeiros, agras e vilares, prevalecen os intereses colectivos fronte aos individuais.

Na xestión das comunidades de montes en ben común galegas hai dúas modalidades marcadas pola xeografía. Os colectivos do interior, que teñen por obxectivo o reparto entre os comuneiros dos beneficios mercantís que aporta o monte; e as comunidades costeiras, que centran os esforzos na recuperación das áreas forestais e o aproveitamento para fins lúdicos e divulgativos. ●

? UERE SABER MÁIS?
www.montesdedarbo.org

APOLOXÍA DA VIOLENCIA

María Reimóndez

Hai non moitos días, a raíz do último atentado terrorista da ETA, volvíñ quedar pampa ante o uso que o Estado español fai da súa lei contra a apoloxía da violencia terrorista. Semella que a expresión crítica de certas ideas de inmediato se ve ameazada con tribunais e denuncias. Pola contra, cando falamos doutras violencias, daquela o ollo fino que semella ter a xustiza española para a apoloxía esvaece de inmediato. A violencia que se exerce contra as mulleres no Estado español e que cobra de xeito sistemático moitas máis vítimas (mortais, si, xa non falemos das outras que padecen danos psicolóxicos ou físicos) ca o terrorismo da ETA, pode defenderse sen problema en calquera foro. Non hai moito, un bispo facía apoloxía da violación, sen que o noso sistema xudicial movese unha pestana. Son moitos os videoxogos e as películas onde se defende dalgún xeito a violencia contra as mulleres. Son numerosos os señores columnistas, escritores ou opinadores que de cando en vez nos iluminan coas súas perlas sobre o que cren que debe de ser a "igualdade" ou xa directamente nos presentan sen miramentos a súa opinión pexorativa e violenta sobre as mulleres (algúns de xeito tan explícito que indican que lle hai que dar unhas tortas a unha muller por ir segundo el mal vestida). Estas "incoherencias" legais son en si mesmas unha violencia máis, que indica que a violencia exercida contra as mulleres non é tan importante como aquela que se exerce contra os homes. Se a ETA ameaza o seu concepto de estado, a violencia de xénero ameaza a humanidade. Para cando unha lei que prohiba facer apoloxía dela? ●

Estas 'incoherencias' son unha violencia máis, que indican que a violencia contra as mulleres non é tan importante como a que se exerce contra os homes"

